

O 30 de outubro deste ano Pelúdez vai cumpri-los 83 anos de vida xornalística, os mesmos que cumprirá El Progreso un pouco antes, o 17 de agosto. A vida do personaxe e do xornal camiñan polo tanto paralelas, pero nin un nin outro parecen ter moi en conta o peso dos anos, a non ser para se sentir máis novos e más emprendedores. A biografía de Pelúdez comeza da man de Antonio de Cora Sabater, que perfila o personaxe coma representante dos labregos intelixentes e críticos que se achegan a Lugo, ben polo San Froilán, ben ó longo do ano, para facer negocios na cidade, para pasa-lo tempo nas diversíons festeiras e para comentar dende o seu punto de vista, sempre humorístico e retranqueiro, aquilo da actualidade local ou internacional que lle peta. Antonio de Cora, que anos máis tarde sería director de El Progreso, mantén o personaxe dende o citado 30 de outubro de 1908 ata o ano 1916, asinando en ocasións baixo o alcume de Calvino. Nese ano, Pelúdez atopa o seu segundo pai literario, o redactor Juan Ramón Somoza, que se fai cargo da familia de visitantes por un curto período de tempo. En 1918, a epidemia de gripe que está a sufrir toda Europa aconsella que o personaxe permaneza en silencio, algo así como a suspensión do Entroido de Venecia co gallo da guerra do Pérsico.

## Xosé de Cora

Pero no 19, novamente da man de Calvino, Pelúdez retoma contacto cos lectores do xornal ata 1927, data na que a firma que asina os comentarios do labrego é unha P, baixo a que descobrirmo-la autoría de Purificación de Cora Sabater, irmán do creador de Pelúdez e director tamén de El Progreso desde 1940 ata 1969. Os anos anteriores á guerra civil a P de Puro Cora alterna nos Pelúdez coa X de Glicerio Barrreiro, chegándose ós tres anos de loita civil sen que Pelúdez asome a súa pucha pola Redacción de El Progreso, por razóns de doada comprensión.

Xa no San Froilán de 1939 —e ininterrumpidamente ata hoxe; é dicir, 51 anos—, é Xosé Trapero Pardo quen dá vida, alento, humor e sorna ó Pelúdez, á Filomena e mais ó Peludeciño, que neste medio século de existencia ó carón de Trapacero tamén viaxaron a Lugo nalgúnha ocasión en Corpus Christi, dictaron conferencias, contestaron entrevistas, posaron

para escultores e debuxantes, serviron de modelo para disfraces, representaron a imaxe da cidade de Lugo en festas e foron pregoeiros delas e outros acontecementos, sempre baixo a paternal vixilancia de Xosé Trapero Pardo.

Non é estranxo pois, que nesta hora do homenaxe popular ó escritor e xornalista lugues, a referencia ó meu rulo sexa máis que obrigada.

Pelúdez non fala un galego normativizado, non sabe de que vai a cousa. Fala un galego moi particular, o que lle permite a súa independencia de pensamento. Algunhas trataron de reducilo ó que se coñece coma castrapo, pero a lingua de Pelúdez vai máis aló. El é un auténtico creador da fala e moitas das súas expresións chegan directamente do pobo para o pobo. Non é a nosa intención facer un exaustivo traballo sobre a fala de Pelúdez. Simplemente quixemos lembrar hoxe aquí, neste dia do homenaxe a Trapero Pardo, algunhas das verbas ou expresións que constitúen parte da *fala peludeciña* como proba do seu valor e da súa gracia.

**A cachapernas.** A cabalo dun. Unha noite, nos cabalíños, Pelúdez púxose a catro patas e unha rapaza montou nel a cachaperna.

**Amilagrar.** Asombrar, pasmar.

**Andrómenas.** “¡Deixate de andrómenas!” viría a ser coma “¡Deixate de lerias!” Tamén, balbordo ou calquera actividade proposta por un terceiro cando el está canso.

**Antiparras.** Anteollos. “Antiparras con cristales afumados”: Gafas de sol.

**Aparafusar.** Enfeitar, compor, amaña-lo aspecto.

**Barbarote.** Expresión garimosa.

**Bases.** Son os pés de Pelúdez, cando se atopa canso de andar por Lugo.

**Boca lista.** Solista dunha orquesta.

**Cagarrapitosa.** Cativa, pequena.

**Campín.** Camping.

**Cantistas.** Mulleres que cantan.

**Cimbrear.** Pasea-lo corpo pola feira ou polo baile.

**Condanicaro.** Condanado, con boa intención.

**Comenenciudo.** O comenenciadas é o que pensa sempre no seu proveito.

**Corcio.** Interxección eufemística. Tamén “recorcio”.

**Cotorro.** Loro, papagaio.

**Chencha.** Testa, cachola.

**Chin-chin.** Onomatopea para se referir ó ruido dos conxuntos musicais modernos. “Con tanto berro e con tanto chin-chin...”

**Choquelear.** Tremer, tremeler. Especialmente aplicado ás pernas.

**Descolga-touciños.** Imaxe para se referir a un home alto: “Largo coma un descolga-touciños”.

**Escacarañada.** Cascada, escunchada. Refirese ás rúas con moitas balagotas, ou a cousas tortas.

**Escaravillar.** Eufemismo de “escarallar”. Tamén “escarajillar”

**Esfrebar.** Desfiar, esfiañar. A Filomena di que a barba de Pelúdez lle “esfreba as camisas”.


**Esmexacado.** Pobre ou en mal estado.

**Esmirrijado.** Fraco, escanizado. Filomena chama a Pelúdez “vello esmirrijado”.

**Estafermo.** Trátase dalgunha innovación na cidade que non lle gusta. Así definía en 1939 unha caseta instalada na Praza Maior.

**Estarabouzo.** Balbordo da música e da xente nunha verbena. Tamén, o ruido do tráfico.

## Primeiro achegamento ó diccionario de Pelúdez



José Luis Tejero

**Don Xosé, paseando pola ruta peludeciiana**

**Estoupa-pozas.** Chanclos de goma inventados por Pelúdez para camiñar sen perigo a mollarse polas balagotas das rúas de Lugo. Noutras ocasións tamén lles chama “submarinós”.

**Futín.** Footing.

**Galafate.** Termo despectivo que Pelúdez dedica ós galopins e ós preguiceiros.

**Ganchete.** “De ganchete”: Leva-la muller collida do brazo.

**Nauñau.** Calquera fala que non é o galego: “Deixa de falar ese nauñau”. Tamén “chauchau”.

**Pantrigo.** Insulto garimoso: “Cara de pantrigo crudo”.

**Patanexo.** Utilizado na expresión “¡Cómame o patanexo!”. Pode se referir ó “cangrexo patexo”, ou ó demo. Son equivalentes as expresións “¡Cómame o cuci!” ou “¡Cómame o cuzo!”

**Pichocas.** Baches, balagotas.

**Poleiro.** A cabeza, a cachola. “Vou cara á cama, a ver se mañá teño mellor o poleiro”.

**Puñesquera.** Eufemismo de puñeteira.

**Quedabén.** “Son uns quedabén”. Persoas que non din verdades para non amolar.

**Ras-ris-ras.** Melodía nos bailes dos anos 40: “Para beilar o ras-ris-ras ese, convenche traguer a cincha máis apretada”.

**Remegimientos.** Voltas, mareos.

**Repopuda.** Arranxada, ben vestida.

**Revinchar.** Esboirar, estalar ou estoupar. Pelúdez revincha moitas veces cando toma moito polbo.

**Súpito-rápidas.** Pois iso, rápidas.

**Taratará.** Onomatopea musical para expresar que despois non vai pasar nada: “E despois...taratará”. Tamén é equivalente “turulurú”.

**Timbrio.** Campaña, timbre. “Fai menos caso das leises que do timbrio dunha bicicleta”.

**Trouporroutrou.** Onomatopea dos buses de liña por estradas sen asfaltar.

**Zarraspialán.** Porco, cotroso. E outro dos insultos de Filomena para con Pelúdez.

**Zorregar.** Pegar, atizar. “Zorregueille uns tiros ó pinchos”. Tamén “zorriigar”, se quén fala é Filomena.

**Zóupalle-zóupalle.** Onomatopea para se referir ó ruido das barracas.

**Xarampín.** Sarampelo. Frase feita: “Mal xarampín lle pegue!”